


OS COTOS

ABRIL
2023



Algunhas datas do mes de abril



O sábado día 1 de abril terá lugar na parroquia de Traspuelas o Serán da Primavera ás oito da tarde.

Vai ser unha boa ocasión para o encontro, para a acollida, para o agarimo, para ser comunidade, e sobre todo para a festa.

SÁBADO DÍA 8 CHEGA A NOSA PASCUA



Unha vez máis, un ano máis, queremos, pola PASCUA facer a “nosa pascua”. Tamén queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non van poder estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de cáritas, con avisarnos, comprometémonos a levarlle “a luz e a auga” pascual.

O sábado día 15 vai ser a xornada de achegamento e defensa do Suído. Será na parroquia de A Laxe, no merendeiro da fervenza de Casariños. Vai ser día para a defensa da terra, do monte, da historia. Vai ser tamén ocasión de encontro, de pobo, de agradecemento a esta terra do Suído.



206 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

**FESTIVAL DO SUÍDO
EN DEFENSA DA TERRA**

SÁBADO 15 DE ABRIL
AREA RECREATIVA DA AIROA - A LAXE
Fornelos de Montes

11:00H ROTEIRO
SESIÓN VERMÚ / POLBO / STREET FOOD
POESÍA - COLOQUIO - MÚSICA

COLOQUIO Xosé Lata Vilariño Xosé Prevedes Xulio Enra Abdo Figueiras	POESÍA Silvia Penas Wladimir Parraizán Ana Anguara Ana Mondarte	MÚSICA Su Corrido Tito Siso Arriba Isheta de Voz
--	--	---

"Un contiño para vivir"**"A árbore"**

Hai moitos anos existiu unha maceira na que un pequeno neno adoitaba xogar. El tíñalle un gran amor, pois podía rubilo, dáballe sombra e alimento. Pero co paso do tempo, o pequeno medrou e nunca volveu xogar ao arredor da enorme árbore.

Un día, o raparigo regresou e escoitou que a árbore lle dixo: – Estou moi triste, xoga comigo. Pero o raparigo respondeulle: – Xa non son o mesmo neno que adoitaba xogar na árbore. Agora quero xoguetes e necesito diñeiro para compralos. – Síntoo -dixo a árbore-. Non teño diñeiro, pero podes coller as miñas mazás e vendelas. Desta maneira terás diñeiro para os teus xoguetes. O raparigo así o fixo, e entón, a árbore foi feliz de novo.

Pero o raparigo non volveu despois da venda das froitas, polo que a árbore volveu estar triste. Tempo despois, o raparigo -agora todo un home- regresou e a árbore alegrouse de velo. Díxolle: - Vés xogar comigo? - Non teño tempo para xogar -contestoulle - Debo traballar para a miña familia, pois necesito unha casa. Poderías axudarme? A árbore respondeu: - Non teño unha casa para ti, pero podes cortar as miñas ramas e construír unha coa miña madeira. O home cortou todas as ramas da árbore e, a pesar do sacrificio, isto fixo feliz á árbore.

Con todo, despois de construír a súa casa, o home non volveu e a árbore volveu sentirse triste e solitaria. Un cálido día de verán o home regresou e a árbore preguntou con alegría: - Xogarás comigo? - Non. Estou triste pois estou facéndome vello. Quero unha barca para navegar e descansar. Poderías darme unha? A árbore contestou: - Non teño unha barca, pero podes usar o meu tronco para que constrúas unha e así poidas navegar e ser feliz. O home cortou o tronco e construíuna e navegou por un longo tempo.

Despois de moitos anos, finalmente regresou coa árbore, pero este, preocupado, díxolle: - Síntoo, xa non teño nada que darche. Non podo darche sombra, nin mazás nin madeira. O home respondeu: - Eu non teño dentes para morder nin forza para escalar. Tamén estou vello. - Realmente non podo darche nada -dixo a árbore con tristeza nas súas palabras-. O único que me queda son as miñas raíces. - Eu non necesito moito neste momento, só un lugar para descansar -contestou o home-. As vellas raíces dunha árbore son o mellor lugar para recostarse despois de tantos anos. O home sentou xunto ás raíces da árbore, e a árbore volveu ser feliz.

Ves o can
que esconde
esta imaxe?



SANTO PARA O MES en abril, PASCUAL e PASCUALA

Por etimoloxía popular interpretouse este nome como "paso",

relacionándoo co paso do Mar Vermello. A pascua xudía instituída por Moisés, converteuse no cristianismo na festa da Resurrección de Cristo, chamándolle Pascual ou Pascuala a quen nace no día da festa da Pascua.

CONSELLO



“Sen lugar a dúbidas,
é importante desenvolver a mente dos fillos.
Aínda así,
o agasallo mais valioso que se lles pode dar,
é desenvolver a conciencia.

John Gay (1685-1732) Poeta inglés”
Leon Tolstoi (escritor ruso)

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



5 de abril Día da conciencia



Este día celébrase dende o 2020, foi aprobado por a ONU en 2019, e consiste en promover unha conciencia global no mundo, máis alá de acordos políticos ou económicos.



A ONU pide aos gobernos, axentes sociais e as persoas en xeral que fomenten **unha cultura de Paz con Amor e Conciencia**.

A ONU quere darlle un significado máis social, trata de protexer as xeracións futuras das guerras, de que o ser humano actúe con **valores de xustiza, democracia, solidariedade e dereitos humanos**.

Trátase de que todas e cada unha das persoas, pero tamén de que as sociedades e os gobernantes actúen guiados polos valores de paz e amor. Unha conciencia colectiva que se debe fraguar en todos e cada un de nós.

Para fomentar esta idea son necesarias actividades educativas, culturais, sociais e cívicas, dirixidas a todas as idades e a todos os grupos sociais, de forma que calquera teña a oportunidade de dar, aprender e compartir en conciencia e con conciencia.



O Papa Francisco: A conciencia



"A conciencia é o espazo interior da escoita da verdade, do ben, da escola de Deus; é o lugar interior de miña relación con El, que fala no meu corazón e me axuda a discernir, a comprender o camiño que debo percorrer, e unha vez tomada a decisión, a ir adiante, permanecer fiel".



LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE ABRIL

DÍA 2	LECTURA	Flp 2, 6-11	Cristo abaixouse ata dar a vida na cruz
	EVANXEO	Mt 26, 14 - 27, 66	Paixón e morte de Cristo
DÍA 9	LECTURA	Feit 10, 34a. 37-43	Deus resucitouno, e nós somos testemuñas
	EVANXEO	Xn 20, 1-9	Xoán chegou ao sepulcro, viuno baleiro, creu
DÍA 16	LECTURA	Feit 2, 42-47	Os crentes compartían a fe en comunidade
	EVANXEO	Xn 20, 19-31	Benia aos que crean sen veren
DÍA 23	LECTURA	Feit 2, 14. 22-33	Somos testemuñas de que o Pai resucitouno
	EVANXEO	Lc 24, 13-35	Os dous de Emaús recoñecérono
DÍA 30	LECTURA	Feit 2, 14a. 36-41	Arrepentídevos e cambiade
	EVANXEO	Xn 10, 1-10	Cristo é o Bo Pastor